



HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA

ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. **No patio de Rúa Cambria vaise permitir a entrada dun membro da familia acompañando ao alumnado de 1º e 2º de primaria, fundamentalmente, para evitar a aglomeración de persoas nas entradas e saídas na rúa. Apelamos á **responsabilidade individual e colectiva para non formar grupos de nais/pais e, pedimos a vosa colaboración para que só entredes para deixar ao alumno/a e para recollelo/a e, que, inmediatamente, abandonedes as instalacións do centro. As portas do exterior abriranse ás 8:45 e ás 13:45. Fóra do suposto anterior, con carácter xeral, e salvo razóns xustificadas** ou relacionadas con procesos administrativos, **ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo.** O centro establecerá horarios específicos para a atención das familias non coincidentes con horarios de entrada e saída nin con intercambios de clase ou recreos.**
2. **Non se permite que o alumnado na saída, forme agrupacións con outros/as alumnos/as, aínda que sexan do seu grupo ou que xogue nos mesmos, polo que as saídas deben facerse directamente ao exterior do recinto.**
3. **O alumnado** irá entrando nas aulas a medida que vaian chegando ao centro educativo, **sempre respectando o horario establecido, a distancia de seguridade, sen correr e seguindo a dirección marcada nos corredores.** O profesorado encargárase de velar polo cumprimento destas medidas, tanto no exterior coma no interior do centro educativo. Na entrada e saída da aula e nos momentos de retorno do recreo o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.

• PORTAS DE ACCESO AO CENTRO E HORARIO

EDUCACIÓN PRIMARIA (ENTRADA POR RÚA CAMBRIA)

1º A /1º B

- **9:00- 9:05** - Entrada pola **porta principal** de acceso ao centro educativo por Rúa Cambria. **Entrada directa ás aulas cando así llo indique o profesorado.**
- **13:55:** Saída pola porta principal e entrega ás familias.

2º A/ 2º B

- **9:00- 9:05** - Entrada polo **portalón de vehículos de Rúa Cambria. Entrada directa ás aulas cando así llo indique o profesorado.**
- **13:55** - Saída do mesmo xeito que na entrada.

3º A/ 3º B

- **08:55** Entrada polo **portalón de vehículos de Rúa Cambria** Entrarán ás aulas directamente gardando as distancias de seguridade, sen correr e sempre pola parte dereita sinalizada no corredor.
- **14:00-** Saída do mesmo xeito que na entrada.

EDUCACIÓN PRIMARIA. ENTRADA PRINCIPAL. RÚA MARINA ESPAÑOLA

- **8:55 – 9:00 h - Entrada de 4º, 5º e 6º de primaria.** Entrarán ás aulas directamente, sen facer filas e gardando as distancias de seguridade. Se chegan antes da hora prevista para a entrada, deberán agardar co seu grupo de convivencia, na zona que teñen asignada.

- **Saída para todos os grupos ás 14:00 h. e**

**O alumnado de 5º e 6º poderá saír so coa autorización pertinente. Poden solicitala a través do correo electrónico ao centro ou, descargala, na páxina web. De conceder a dita autorización poderán agardar polos irmáns/ás na zona que lles corresponde e, dende alí, saír do recinto escolar.*

** Como norma xeral o alumnado circulará pola marxe dereita dos corredores, respectando a sinalética, sen tocar ningún mobiliario e subirán á pranta superior polo medio da escaleira para evitar tocar o pasamans.*

** O alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria que teña irmás/irmáns en calquera outro curso inferior poderá saír pola mesma porta que o fan os máis pequenos, sempre, respectando, as normas de entrada e saída.*

EDUCACIÓN INFANTIL

No nivel de ensino infantil o alumnado poderá chegar ao centro acompañado dun familiar e agardar nun espazo diferenciado para a entrada á aula. Os acompañantes deberán usar máscara.

ENTRADAS .

O alumnado de 5º e 6º de Educación Infantil colocarase en dúas filas paralelas no patio de Educación Infantil.

5º de Educación Infantil

6º de Educación Infantil

RAMPA

Entrada de 6º de Educación Infantil: 9: 00 h

- Entrada polo portalón de peóns situándose no espazo sinalizado para este curso, para, seguidamente, acceder á aula.

Entrada de 5º de Educación Infantil : 9:05 h.

- Entrada polo portalón de peóns situándose no espazo sinalizado para este curso, para, seguidamente, acceder á aula.

Entrada de 4º de Educación Infantil (*cando remate o período de adaptación*): 9:10 h.

- Entrada polo portalón de peóns situándose no espazo que ocupaban o alumnado de 5º e 6º de Infantil para, seguidamente, acceder á aula.

SAÍDAS .-

13: 45 h. - 4º de Educación Infantil

13:50 h. - 5º de Educación Infantil

13:55 h. - 6º de Educación Infantil

